

ALBERTO GONZÁLEZ-GARCÉS BIÓLOGO MARIÑO E ESCRITOR

«O meu pai escribía unha poesía profunda e chea de matices»

O fillo do poeta Miguel González Garcés publica o seu primeiro libro de relatos

ADRIÁN GARCÍA SEOANE
REDACCIÓN / LA VOZ

Aínda que investigador mariño de profesión, Alberto González-Garcés (A Coruña, 1950) leva o amor pola literatura nos seus xenes. Fillo do destacado escritor e poeta Miguel González Garcés, quen lle transmitiu a paixón pola lectura dende moi novo, o editor do Centro Oceanográfico de Vigo acaba de publicar o seu segundo libro, *Somos o que imaxinamos* (Medulia Editorial), unha obra que reúne 42 narracións breves nas que reflexiona sobre a vida, o paso do tempo ou a cultura. O autor presenta o seu traballo hoxe, ás 19.00 horas, na biblioteca pública Miguel González Garcés da Coruña.

—O título do libro é a frase final do relato «As cousas sucederon así». Que é o que o leva a afirmar que somos o que imaxinamos?

—Ao longo de todo o libro falo de que estamos continuamente lembrando o pasado, vivindo o presente e construíndo o futuro. Creo que non somos moi conscientes de que nos pasamos toda a vida deseñando o noso futuro e o dos demais.

Ao mesmo tempo, se volvésemos vivir o pasado e o comparásemos cos nosos records, simplemente non coincidirían demasiado. Por iso, cando imaxinamos o pasado e o futuro en realidade estámolos formando a nós mesmos. De aí a afirmación de que somos o que imaxinamos. No libro parto da realidade, da historia e da tradición para construír ficcións. Así sigo a Nélida Piñón, que dicía que sen tradición e sen historia non hai cultura, pero sen imaxinación non hai grandeza.

—E vostede, que imaxina que é?

—É unha pregunta complicada de responder. Penso que unha persoa que intenta ser feliz e facer felices aos demais. Escribín o libro en parte por iso. Na pandemia atopei unha cousa coa que non contaba, o tempo. E con ese tempo escribín para gozar eu e para procurar que os demais gozasen coa lectura do libro.

—Esta é a súa primeira obra de narrativa logo de debutar co poemario «Alta mar, mar aberta». Séntese máis poeta ou narrador?

—Eu penso que máis poeta. O que pasa é que, ao escribir poesía, cada palabra doe. Sufro es-

cribíndoa, porque é algo que nace do máis profundo. Pola contra, cando escribo narrativa gozo. É unha literatura diferente, coa que o paso ben, aínda que poesía e narrativa non son excluíntes.

—O mar está moi presente en moitos dos seus relatos. Foi unha inspiración á hora de escribilos?


—Para min, o mar, máis ca unha inspiración, é un modo de vida. Eu xa nacín vindo del. Meu pai contábame que, a diferenza do resto dos nenos, aos que os traía unha cegoña de París, eu vin da Habana nun barco [ri]. E a maior parte da miña vida vivina no mar e preto da cultura mariñeira. No libro hai moito mar porque é algo que forma parte de min e da miña cultura. Eu o mar lévoa dentro.

—E, xa que menciona o seu pai,

agora está recollendo sinaturas para que o próximo Día das Letras Galegas se dedique á súa figura. Cre que chegou o momento?

—Si, penso que si. Leva moitos anos falecido, desafortunadamente, e creo que é o momento de que a sociedade galega saiba que foi un escritor excelente e innovador que escribía unha poesía profunda e chea de matices. El pretendía, ademais de expresar o íntimo do amor polas cousas e pola vida, dignificar a nosa lingua nun momento —nos anos cincuenta, sesenta e setenta— no que escribir en galego era ir contra corrente. Despois dunha poesía popular preciosa coma a das cantareiras, creo que é un bo momento para que poida vir unha poesía culta, elaborada, traba-

llada, fonda e con outro tipo de pouso, porque a poesía oral das cantareiras tamén ten moito fondo. Aínda que son consciente de que esta decisión é tomada polos académicos da Real Academia Galega, a nosa familia, xunto con amigos, escritores e intelectuais, decidimos recoller sinaturas para tentar que se lle dedique ao meu pai o Día das Letras Galegas. Ata o momento, levamos recollidas máis de 1.140, e hai sinaturas como a do expresidente da Xunta de Galicia Fernando González Laxe ou de institucións como a Deputación da Coruña, os concellos da Coruña, Culleredo, Oleiros, Ferrol, o Arquivo do Reino de Galicia e o Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses.



O investigador mariño e escritor Alberto González-Garcés posa cun exemplar do seu libro. CARLA BERNÁNDEZ